

A C T A 2/2023

SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL

- 9 DE FEBREIRO DE 2023 -

Na Casa do Concello, a nove de febreiro de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.^a Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar

D.^a María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.^a María Vázquez Rey

D.^a María Teresa Castro Framil

D.^a Lucía Calvo de la Uz

D.^a Margarita Rosende Domínguez

D. José Antonio Garea Gil

D.^a Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.^a Mayte Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D.^a Carmen Diéguez González

D.^a Patricia Castelao Ferreiro

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

- 1.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2023”**
- 2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO POS+ ADICIONAL 1/2023 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS**
- 3.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á PERDA DE PRAZAS DE APARCADOIRO NO ENTORNO DA ESTRADA AC-841 EN RELACIÓN AO PROXECTO DE “MELLORA DE ACCESIBILIDADE E CONECTIVIDADE DAS PARADAS DE AUTOBÚS SITUADAS NA RAEG NA ZONA SUR DA ATM DE SANTIAGO” PROMOVIDO POLA XUNTA DE GALICIA**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

- 1.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2023”.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 1 febreiro de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 6 de febreiro de 2023.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023”

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), “POS+ 2023”, publicadas no BOP nº

228, de 1 de decembro de 2022.

Tomando en consideración as necesidades municipais así como as suxestións veciñais e dos partidos con representación institucional no Concello de Teo, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	331.304,04
Subtotal gasto corrente	331.304,04

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible	Total Concello	
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN MAZAS. CONCELLO DE TEO	58.225,55	0,00	0,00	0,00	58.225,55
Subtotal investimentos achega provincial 2023	58.225,55	0,00	0,00	0,00	58.225,55

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible	Total Concello	
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN VILAR DE CALO- SAN DOMINGO.. CONCELLO DE TEO	298.669,66	19.446,41	0,00	19.446,41	318.116,07
Subtotal investimentos achega provincial 2022	298.669,66	19.446,41	0,00	19.446,41	318.116,07

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento total
			Concello	IVE soportad o deducibl e	Total Concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	331.304,04	0,00	0,00	0,00	331.304,04
B- INVESTIMEN- TOS	Achega 2023	58.225,55	0,00	0,00	0,00	58.225,55
	Achega 2022	298.669,66	19.446,41	0,00	19.446,41	318.116,07
C-TOTAL	Achega 2023	389.529,59	0,00	0,00	0,00	389.529,59

	Achega 2022	298.669,66	19.446,41	0,00	19.446,41	318.116,07
	TOTAL	688.199,25	19.446,41	0,00	19.446,41	688.199,25

Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	Orzamento contrata	IVE soportado deducible	Orzamento subvencionable
ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71	2.280,44	195.982,27
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	394.525,09	3.099,20	391.425,89
PROXECTO TÉCNICO PARA CAMBIAR A CUBERTA DO PAVILLÓN DEPORTIVO EZEQUIEL MOSQUERA	171.348,10	0,00	171.348,10
TOTAIS	734.397,80	5.379,64	734.397,80

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras

Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Octavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta”.

O sr. alcalde explica que, como resultado das conversas entre os distintos grupos, puxéronse unha serie de prioridades, concretamente catro, acondicionamento do viario municipal dende Vilar de Calo a San Domingo, saneamento de Chao do río a Florida, acondicionamento do viario municipal en Mazas e a iluminación dos campos de fútbol municipais. Xa se explicou, no seu momento, as circunstancias polas que non foi posible ter o proxecto de saneamento do Ferreiriño e a iluminación dos campos de fútbol municipais, polo cal se decidiu afrontar iso cos fondos propios e incorporar os outros dous investimentos no POS 2023, un coa achega do 2022 e outro coa achega do 2023.

Aclara o sr. alcalde que despois no plan complementario se meteron as actuacións que levaban tempo pendentes e que son o saneamento e pavimentación en Casalonga, de 195.000 euros, e a Reurbanización do núcleo de Lamas, de 391.000 euros, ademais do Proxecto técnico para cambiar a cuberta do pavillón deportivo de Ezequiel Mosquera que xa se dixo que, no caso de saia o URBE este ano, se intentaría metelo aí e sacalo do complementario.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, e a portavoz do PSdeG-PSOE, non fan uso das súas respectivas quendas.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, e pregunta se a obra da iluminación dos campos de fútbol vai a ir adiante.

O sr. alcalde responde que si, pero con fondos propios, e que se está a redactar o proxecto, incluíndo todos os campos municipais que quedaban sen iluminación, é dicir, todos excepto o de Calo, que é o que xa ten.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	331.304,04
Subtotal gasto corrente	331.304,04

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento				Orzamen -to total
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total Concello	

AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN MAZAS. CONCELLO DE TEO	58.225,55	0,00	0,00	0,00	58.225,55
Subtotal investimentos achega provincial 2023	58.225,55	0,00	0,00	0,00	58.225,55

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total Concello	
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN VILAR DE CALO-SAN DOMINGO.. CONCELLO DE TEO	298.669,66	19.446,41	0,00	19.446,41	318.116,07
Subtotal investimentos achega provincial 2022	298.669,66	19.446,41	0,00	19.446,41	318.116,07

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento total
			Concello	IVE soportado deducible	Total Concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	331.304,04	0,00	0,00	0,00	331.304,04
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023	58.225,55	0,00	0,00	0,00	58.225,55
	Achega 2022	298.669,66	19.446,41	0,00	19.446,41	318.116,07
C-TOTAL	Achega 2023	389.529,59	0,00	0,00	0,00	389.529,59
	Achega 2022	298.669,66	19.446,41	0,00	19.446,41	318.116,07
	TOTAL	688.199,25	19.446,41	0,00	19.446,41	688.199,25

Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	Orzamento contrata	IVE soportado deducible	Orzamento subvencionable
ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71	2.280,44	195.982,27
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	394.525,09	3.099,20	391.425,89
PROXECTO TÉCNICO PARA CAMBIAR A CUBERTA DO PAVILLÓN DEPORTIVO EZEQUIEL MOSQUERA	171.348,10	0,00	171.348,10
TOTAIS	734.397,80	5.379,64	734.397,80

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o

relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Octavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta.

2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2023 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro de benestar, persoal, deportes, participación veciñal e servizos básicos, D. Xosé I. Igrexas Vilar.

O sr. Igrexas da conta da conta da proposta da Alcaldía de 1 de febreiro de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de

benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 6 de febreiro de 2023.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Acordo de aprobación do POS+Adicional 1/2023 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios

Vistas as bases reguladoras do POS+Adicional 1/2023 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, publicadas no BOP nº 228, de 1 de decembro de 2022.

Tomando en consideración as necesidades municipais determinadas pola experiencia acumulada nos últimos meses, así como as suxestións e iniciativas do persoal técnico dos Servizos Sociais municipais

Propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+Adicional 1/2023**” da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación

Achega provincial preasignada que figura nas bases do POS+Adicional 1/2023	113.612,80€
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	113.612,80€

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2023	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO
---------------------------------------	---------------------------------	--	--

c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	992.496,06	723.136,20	269.359,86
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	41.632,35	0,00	41.632,35
TOTAL	1.034.128,41	723.136,20	310.992,21

Segundo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”.

O sr. Igrexas explica que 71.900 € van destinados á axuda no fogar de Dependencia, porque non se pode destinar á de Libre concorrencia porque xa está subvencionada por outra vía, e 41.600 € van a outras medidas de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles. Explica que neste caso son 32.000 € para o convenio FOGARES coa entidade Provivenda e 8.000 € para o programa de Apoio educativo. Aclara o sr. Igrexas que a diferenza co ano pasado é que se dedicaban 30.000 € a emerxencia social que neste ano van incluídos no do SAF dependencia.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas respectivas quendas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+Adicional 1/2023” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación

Achega provincial preasignada que figura nas bases do POS+Adicional 1/2023	113.612,80€
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	113.612,80€

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2023	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	992.496,06	723.136,20	269.359,86
<p>f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</p>	41.632,35	0,00	41.632,35
TOTAL	1.034.128,41	723.136,20	310.992,21

Segundo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á PERDA DE PRAZAS DE APARCADOIRO NO ENTORNO DA ESTRADA AC-841 EN RELACIÓN AO PROXECTO DE “MELLORA DE ACCESIBILIDADE E CONECTIVIDADE DAS PARADAS DE AUTOBÚS SITUADAS NA RAEG NA ZONA SUR DA ATM DE SANTIAGO” PROMOVIDO POLA XUNTA DE GALICIA.

O sr. alcalde sinala que, tal como xa se explicou no seu momento, incorporouse este punto na orde do día para dar a posibilidade de participar no Pleno á asociación de empresarios de Teo. Explica que, ao tratarse dun asunto non ditaminado pola correspondente Comisión Informativa, é preciso ratificar a súa inclusión na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde sinala que neste intre vai a intervir o representante da asociación de empresarios de Teo, D. Alexander Dubra Fernández, ao que se lle invita que ocupe o seu lugar e faga a súa intervención, lembrándolle que a intervención ten unha duración máxima de 10 minutos.

Neste intre, sendo as vinte horas e sete minutos comeza a intervención de D. Alexander Dubra Fernández, presidente da asociación de empresarios de Teo.

O sr. Dubra comeza a súa intervención agradecendo que se lle permita falar no Pleno e sinalando que ven a traer unha proposta que lles preocupa bastante. Explica que no Concello de Teo hai un problema serio de prazas de aparcamento público, e que iso inflúe bastante en que a veciñanza teña problemas para acceder aos comercios e aos servizos que hai, xa que moitos dependen do seu vehículo propio para trasladarse e

non hai un servizo público de transporte que, entende, tamén é moi difícil de deseñar debido á dispersión da poboación.

Di o sr. Dubra que non están en contra do plan de accesibilidade, pois entenden que é necesario para as persoas que poidan ter dificultades de mobilidade, incluso persoas invidentes, e tamén para persoas maiores que cada vez son máis, pois a poboación maior está aumentando en número, persoas que poden ter problemas de mobilidade e poden precisar evidentemente un transporte público. Pero esta obra que está planeada pola Xunta de Galicia para accesibilidade ás prazas de autobús pensa que ten previsto eliminar mais de 20 prazas de aparcamento público, e sendo que xa son poucas as que hai, isto o que fai é incrementar o problema.

Sinala o sr. Dubra que falaron con algúns técnicos e dixéronlles que nalgunhas paradas non se pode facer nada, que teñen que facerse como están planeadas, pero que noutras, con algunhas pequenas modificacións que non van a interferir para nada no funcionamento do plan de accesibilidade, si que van a permitir que se perdan menos prazas de aparcamento. Entón querían presentar nun futuro próximo as paradas nas que se si se poderían facer esas modificacións e outras que ao mellor cambiando a súa ubicación tamén se evitaría a perda de prazas de aparcamento público tan necesarias. Sinala o sr. Dubra que tamén lles gustaría que se iniciara un plan para aumentar o número de prazas de aparcamento dispoñibles para o público no Concello de Teo porque é algo que tamén poder ser moi necesario.

Sendo as vinte horas e nove minutos, remata a intervención de D. Alexandre Dubra Fernández, en representación da asociación de empresarios de Teo.

O sr. alcalde agradece a intervención do sr. Dubra e cede a palabra á concelleira de educación, cultura, lingua, mobilidade, comercio, turismo e emprego, D.^a María López Álvarez.

A sra. López da conta da proposición da Alcaldía, de 6 de febreiro de 2023, que se recolle a continuación.

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Relativa á perda de prazas de aparcadoiro no entorno da estrada AC-841 en relación ao proxecto de “Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG na zona sur da ATM de Santiago” promovido pola Xunta de Galicia.

Exposición de motivos:

Publicado o proxecto “Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG na zona sur ATM de Santiago” e sometido ao trámite de información pública con data do 23 de Decembro do 2022 (DOG do 2 de Xaneiro de 2023), financiado con fondos Next Generation EU, da Unión Europea, é de salientar o esforzo pola mellora nas paradas de bus no noso territorio.

No estudo do proxecto detéctase que a ampliación das paradas implica, en determinadas zonas, unha perda significativa de prazas de aparcadoiro nunha zona xa con importante tensión nese sentido, como é o caso do corredor de Cacheiras. Trátase duns dos núcleos de comercio local do Concello que xa se resinte, na actualidade, de falta de prazas. O proxecto vén a agravar esta problemática sen ofrecer alternativa algunha.

Detéctase tamén na lectura do proxecto, que a proposta dalgunha das ubicacións das marquesiñas non contribúe, e máis, aínda agrava, a seguridade viaria das persoas usuarias, como é o caso de Pontevea (sentido A Estrada).

Consecuentemente proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro. Solicitar á Xunta de Galicia a revisión da localización daquelas paradas e da colocación de marquesiñas que teñen unha localización complexa e que, en ningún caso, melloran a seguridade e accesibilidade peoníl que pretende o proxecto, como por exemplo a de Pontevea dirección A Estrada, situada diante dunha gasolinera.

Segundo. Demandar que se teñan en conta as alegacións referidas á perda de prazas en zonas especialmente sensibles, coma é o corredor de Cacheiras, tendo en conta que é un dos núcleos comerciais máis activos do Concello e que o proxecto prevé unha perda de prazas moi significativa neste entorno, o que pode afectar negativamente ás dinámicas do comercio local.

Terceiro. Demandar que se implemente un mecanismo de compensación de prazas na zona de Cacheiras a través da inclusión desta zona dentro dos plans de aparcadoiros

disuasorios, xa que a Xunta ten en marcha proxectos ao abeiro dos fondos Next Generation para fomentar a mobilidade sustentable nas cidades e vilas galegas.

En Teo, na data da sinatura electrónica”

A sra. López sinala que, con respecto a esta proposta que trae o sr. Dubra, que todos coñecen porque xa se tratou tamén no Pleno anterior, do proxecto de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na zona Sur-Santiago, deduce do anterior Pleno que todos están de acordo en que esta obra ten unhas implicacións nalgúnhas zonas sensibles para o aparcadoiro, sobre todo nas zonas de Cacheiras, sen menosprezar ás de Pontevea, e é por iso trae tres propostas de acordo na moción.

Por unha parte solicitar á Xunta de Galicia que revise a localización de paradas, aínda que ás veces non é tanto localizar paradas senón que o conxunto de ampliación co espazo da marquesiña da uns metros lineais moi amplos que pensan que retranqueando a marquesiña se poden, nalgún caso, gañar dúas prazas de aparcadoiro, e outras nas que realmente hai que cambiar a parada, como consideran que é o caso da estación de servizo de Pontevea, porque ademais cun pouco de sentido común parece que, tratándose da seguridade peonil, non parece que vaia a ter moita esa marquesiña.

Sinala a sra. López que en segundo lugar, trataríase de demandar que se teñan en conta as alegacións referidas á perda de prazas, como as que acaba de comentar. En terceiro lugar hai que ter en conta que a Xunta de Galicia, paralelamente a estes fondos Next Generation cos que sufraga esta obra, ten outras financiación, noutras localizacións, en Lugo, Nigrán, etc, para o que lle chama aparcadoiros disuasorios. Pensa que sería moi interesante que na zona do entorno de Cacheiras, Montouto incluso, a Xunta se plantexara facer este tipo de zonas de aparcadoiros disuasorios, que se ben son para que se deixe o coche por exemplo se vés da Estrada e te achegues a Santiago nos buses, que agora parece que van a funcionar con unha normalidade apabullante e sorprendente, tamén se poderían usar como usuarios do

comercio local puntualmente, para deixar o coche. Pensa a sra. López que lles parece unha boa idea e por iso a inclúe aí e, se pode ser, pois por pedir non quede.

Aberta a primeira quenda de intervención, a portavoz do BNG, sra. Castelao agradece a participación dos empresarios, a través do presidente da asociación. Sinala que como xa se debateu o tema no anterior Pleno e por unanimidade están todos de acordo en que había que intervir neste proxecto que trae a Xunta, concordan con todas as vías posibles para paralizar ou modificar iso.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen agradece aos empresarios de Teo por defender esta proposta.

A sra. Lemus sinala que as posibilidades de modificación do proxecto son claras, que xa se falou dalgunha zona publica ou privada de uso público que se pode empregar para a modificación da marquesiña de tal forma que a afección do proxecto sexa menor. Tamén é certo que hai certas paradas, como a de Pontevea da estación de servizo, que afecta incluso ao acceso dunha parcela, co cal non entende moi ben como van a poder colocar esa marquesiña, coincidindo ademais cun paso de peóns, o cal é un pouco absurdo, fóra do que se prevé pola propia Xunta de Galicia do que é a mellora de accesibilidade nunha instrución que teñen dende hai dous anos sobre como se fan este tipo de proxectos de accesibilidade de paradas de bus.

Explica a sra. Lemus que, en todo caso, a mellora vai ser reducida e hai que ser conscientes dixo, e así cóntanse máis ou menos dende o Canaleto ata Pontevea como 27 ou 28 prazas das que se poderá salvar algunha pero non será nin o 50%.

Pregunta a sra. Lemus como está o tema das xestións do aparcadoiro municipal, do que se falou hai dúas semanas e se dixo que na pasada semana habería avances.

Di a sra. Lemus que queren amosar un certo descontento co acontecido o venres pasado no Parlamento de Galicia, onde se levou esta proposta de modificación, non

había nada máis que unha solicitude de revisión do proxecto, tendo en conta as necesidades de aparcadoiro. Sinala que hoxe estivo vendo a intervención e é verdade que moitas veces os veciños quéixanse de que o Parlamento de Galicia queda lonxe, que a xente que traballa alí non entende as preocupacións diarias da poboación, e veuse claro, porque primeiro houbo un deputado do PP que falou de chapuza de proxecto do viario da travesía de Cacheiras, e é curioso que sexa un proxecto da propia Xunta, pois hai que lembrar que eles fan esa obra porque son os titulares da vía, e falaba de que había unha parada que coincidía no medio dunha travesía, que como podía ser iso. Pensa a sra Lemus, que iso deberían miralo eles, que para iso son os titulares da vía.

Sinala a sra. Lemus que tamén facían comparativas pouco axeitadas entre a mobilidade que podería ter un concello como pode ser Pontevedra, un concello compacto, agregado, no que o transporte público é usado sobre todo para contacto coas parroquias de fóra pero que na propia améndoa non se emprega, e as necesidades de Teo, o que non ten ningún sentido.

Lamenta a sra. Lemus que no Parlamento non saíra adiante a proposta e agarda que en todo caso, como acaba de comentar o presidente da asociación de empresarios, o técnico redactor do proxecto valore outras posibilidades. Lembra a sra. Lemus o que se falou o outro día de que houbo unha relativa sorte, porque se o proxecto non tivera expropiacións non se estaría debatendo no Pleno nin habería período de alegacións, polo que hai que ver o lado positivo. A sra. Lemus sinala que as expropiacións son discutibles nalgún caso, e anima aos veciños afectados a alegar antes de que se inicie o procedemento de expropiación propiamente dito. Remata a sra. Lemus a súa intervención, sinalando que esta ou calquera outra iniciativa que mellore ou aumente as prazas de aparcamento será apoiada polo seu grupo.

Intervén a concelleira do PP, sra. Calvo, quen agradece tamén ó presidente de empresarios a súa presenza. Sinala que o seu grupo vai apoiar a proposta porque é de recibo e están de acordo con ela, especialmente cos puntos primeiro e segundo, e de

feito o partido municipal do PP de Teo vai presentar alegacións propias, aparte de apoiar as que presente loxicamente o sr. alcalde.

Di a sra. Calvo que unicamente quería deixar constancia de que no punto tres se fala de aparcadoiros disuasorios, pero o problema destes aparcadoiros, como todos saben, é que se fan nas entradas das cidades, e iso non é o que están demandando nin os veciños nin os comerciantes.

Considera que a proposta da sra. López de coller unhas fincas e preparalas para que a xente próxima ao comercio, ós núcleos dos que se fala, como se fixo en Pontevea, está perfecto, sería a solución adecuada. Reitera a sra. Calvo o apoio do seu grupo, engadindo que simplemente quere dicir que efectivamente as alegacións teñen que ir no mesmo sentido, evitar que se eliminen as prazas de aparcadoiro, algunha loxicamente terá que caer, pero tamén a Xunta está en boa disposición e as alegacións van a ir por bo camiño, sobre todo se todos están de acordo.

Intervén a sra. López e di quere aclarar un pouco o tema do aparcadoiro de Cacheiras, porque non quere que leve a confusión co aparcadoiro disuasorio, que podería ser na zona de Montouto, máis achegada aos Tilos.

Sinala a sra. López que ese é outro tema distinto do tema que comenta a sra. Lemus, que é o da zona de Cacheiras, que se falou no último Pleno. A situación no último Pleno era que se estaba como nun acordo económico, ese acordo frutificou, e acordouse co propietario. Explica que cando se fai un alugueiro deste tipo, que en principio é anual pero que se espera que sexa por moito máis tempo, non é como cando se pide un orzamento e se fai unha retención e se presenta unha factura, senón que hai que redactar un expediente onde hai varios departamentos implicados, urbanismo, secretaría, alcaldía... Agora estase con esa coordinación, polo que tampouco quere dicir que van ser vinte ou trinta días porque non depende exactamente do seu traballo senón que hai máis departamentos implicados, pero é algo que está en marcha e coida que está garantido.

Di a sra. López que a parcela pensa que xa se falara cal era, a que está indo para o Raxó, enfronte do lavadoiro que hai cuberto, que xa é municipal, xusto enfronte. Sinala que a parcela vai requirir un acondicionamento, e vaise intentar priorizar o aparcadoiro pola parte de arriba. Reitera a sra. López que está todo en trámites administrativos.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro. Solicitar á Xunta de Galicia a revisión da localización daquelas paradas e da colocación de marquesiñas que teñen unha localización complexa e que, en ningún caso, melloran a seguridade e accesibilidade peonil que pretende o proxecto, como por exemplo a de Pontevea dirección A Estrada, situada diante dunha gasolinera.

Segundo. Demandar que se teñan en conta as alegacións referidas á perda de prazas en zonas especialmente sensibles, coma é o corredor de Cacheiras, tendo en conta que é un dos núcleos comerciais máis activos do Concello e que o proxecto prevé unha perda de prazas moi significativa neste entorno, o que pode afectar negativamente ás dinámicas do comercio local.

Terceiro. Demandar que se implemente un mecanismo de compensación de prazas na zona de Cacheiras a través da inclusión desta zona dentro dos plans de aparcadoiros disuasorios, xa que a Xunta ten en marcha proxectos ao abeiro dos fondos Next Generation para fomentar a mobilidade sustentable nas cidades e vilas galegas.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e vinte e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz